



## **MOBILIDADES ERASMUS+ PARA ESTUDANTES - CURSO 2021/2022**

**PROXECTO: PRACTICUM DEPO 2021 (2021-1-ES01-KA121-VET-000011724)**



### **CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN**

#### **Obxecto da convocatoria:**

O Equipo de Programas Internacionais convoca o alumnado de ciclos formativos DE GRAO MEDIO do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades de prácticas Erasmus+ que se realizarán durante o presente curso.

#### **Cantas prazas se convocan?**

Un total de **2 dúas prazas para estudantes de recente titulación de ciclos formativos de grao medio.**

#### **Quen pode solicitar unha mobilidade (requisitos)?**

- A persoa interesada deberá estar matriculada actualmente nun ciclo formativo de grao medio no IES JOHAN CARBALLEIRA e ter superado todos os módulos do ciclo no momento de iniciar a mobilidade, incluído o módulo de formación en centros de traballo (FCT).
- É condición imprescindible para poder realizar a mobilidade que o alumnado sexa maior de idade.
- A persoa estudante deberá ter un alto grao de madurez, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

#### **Quen será excluída/o deste procedemento de selección?**

- As persoas que non superen todos os módulos do Ciclo Formativo que estean a cursar actualmente.
- O alumnado que, por motivos de forza maior, renuncie a ser incluído no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.
- As persoas que non presenten os documentos requiridos (formulario de solicitude, currículo, etc.) ou que non asistan á entrevista de selección.
- O equipo de Proxectos Internacionais, logo de analizar a valoración feita polo equipo docente, e que amose unha falta de responsabilidade (non asistencia a actividades propostas: clases de idiomas, reunións...) pode decidir a non idoneidade do candidato/a para realizar a mobilidade.

#### **Cando se pode realizar a mobilidade e cal é a súa duración?**

A mobilidade poderase realizar dende o 1 de xullo de 2022. Ten unha duración prevista de 3 meses, con posibilidade de ampliación.

#### **En que país se pode realizar a mobilidade?**

En calquera país da UE, tanto nos territorios continentais coma nos insulares, pero ten que ser fóra de España.



### Que axuda ofrece o Programa Erasmus + ás persoas estudantes?

As persoas beneficiarias da mobilidade recibirán una bolsa que cubrirá os gastos de viaxe, aloxamento e manutención durante a estancia práctica, cuxo importe dependerá do país de destino da mobilidade.

### Ata cando se pode solicitar participar nesta convocatoria?

O prazo para solicitar a participación no proceso de selección é dende o día **16/03/2022** ata o **18/03/2022** (ambos inclusivos).

### Cal é a finalidade da mobilidade?

Mellorar a empregabilidade do alumnado de Formación Profesional, ampliando e reforzando os seus coñecementos e capacidades grazas á experimentación nunha empresa dun país estranxeiro. Realizar unha estancia práctica de formación nunha empresa relacionada co perfil académico do alumnado.

### Como se pode solicitar participar neste proceso de selección?

Hai que cumprimentar os datos requiridos no formulario <https://forms.gle/RnKFt28ycycnvagd9> e achegar no propio formulario a seguinte documentación:

- Curriculum Vitae en formato Europass (<https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv>).
- Calquera outra documentación xustificativa dos criterios de baremo (expediente académico, idiomas e méritos).

### Cales son os criterios de selección das persoas bolsieras?

Segundo se establece no BOP de Pontevedra Núm. 230 do venres, 27 de novembro de 2020, os criterios de baremo para a selección das persoas beneficiarias serán los seguintes:

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da persoa candidata (3 puntos)
2. Expediente académico (2 puntos)
3. Coñecemento de idiomas (2 puntos)
4. Méritos (1 punto)
5. Entrevista persoal (2 puntos)

No caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Maior puntuación no expediente
- Maior puntuación no coñecemento de idiomas

No caso de continuar co empate, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

#### 1. ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DA PERSOA CANDIDATA (3 PUNTOS)

- Valoraranse, ata un máximo de 2 puntos, a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, a responsabilidade, a flexibilidade e as habilidades comunicativas.
- Valoraranse a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado, ata un máximo de 1 punto:  
Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas 0,5 puntos  
Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas 0 puntos  
Ausencia de faltas de conduta 0,5 puntos  
Existencia dalgunha falta de conduta 0 puntos



## 2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (2 PUNTOS)

- Valorarse ata un máximo de 2 puntos, calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio dos cursos finalizados:

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 6 ao 6,99	Aprobado	0,5 puntos
Do 7 ao 8,99	Notable	1 punto
Do 9 ao 10	Sobresaínte	1,5 puntos
	Matrícula de honra	2 puntos

Non se terán en conta as cualificacións validadas.

## 3. COÑECEMENTO DE IDIOMAS (2 PUNTOS) \*

### 3.1 Titulacións de inglés

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

A1	0 puntos
A2	0,5 puntos
B1	1 punto
B2	1,5 puntos
C1 ou C2	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (oral) por parte do persoal de linguas do centro educativo, puntuable ata un máximo de 1 punto.

### 3.2 Baremo dun segundo idioma

Valorarse o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, ata un máximo de 2 puntos.

A2	1 punto
B1, B2, C1, C2	2 puntos

\*A puntuación máxima que se pode obter nos apartados 3.1 e 3.2 é de 2 puntos.

## 4. MÉRITOS (1 PUNTO)

Valorarse con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

## 5. ENTREVISTA PERSOAL (2 PUNTOS)

Valoraranse na entrevista as habilidades comunicativas e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos aos habituais. Valoraranse a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado, o interese, a madurez, a iniciativa etc.

Con independencia do anterior, todos os criterios poderán ser valorados con puntuación cero no caso de que o Comité de Selección constituído no centro educativo o considere oportuno.

Neste sentido, incluso no caso de que unha alumna ou alumno cumpra os requisitos formais para o acceso a unha das prazas para realizar unha mobilidade Erasmus+, as e os membros do Comité de Selección do centro poderán denegarlle directamente o dereito sen máis trámite no caso de que estimen que non cumpre os criterios mínimos para a súa realización en canto a conduta, comportamento, contorno, motivación, factores educativos, traxectoria, actitude etc.



### **Cal será o comité de avaliación das solicitudes?**

A Comisión que valorará as persoas solicitantes de bolsa ERASMUS+ para MOBILIDADE DE PRÁCTICAS estará constituída por:

- Un membro do equipo directivo do centro.
- Dous membros do Equipo de Programas Europeos do centro.

### **Como se desenvolverá este proceso selectivo?**

As persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos serán convocadas a unha entrevista persoal individual que terá lugar no centro educativo.

Vistos os resultados das distintas fases do proceso selectivo, a Comisión de Avaliación confeccionará unha listaxe na que as persoas candidatas aparecerán ordenadas de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

O resultado farase público no taboleiro de anuncios do centro e na web do centro. Para presentar unha reclamación, poderase entregar un escrito dirixido á Comisión de Avaliación dentro dos tres días naturais posteriores á publicación dos resultados acadados polas diferentes persoas candidatas, e enviado ao enderezo [p-internacionais@iesjohancarballeira.com](mailto:p-internacionais@iesjohancarballeira.com)